



## CONCELLO DE CARNOTA

Praza San Gregorio, 19  
15293 CARNOTA (A Coruña)  
C.I.F.: P-1502000-A  
Tel.: 981 857032  
Fax: 981 857251

## CONCURSO DE ENTROIDO 2024

Chega o Entroido 2024 cunha programación ampla, na que se inclúen un concurso de disfraces individuais e grupais o sábado 10 de febreiro.

### **PRIMEIRA. Lugar de celebración**

-Será o sábado 10 de febreiro ás 16.30h, na Praza de San Gregorio (se o tempo o permite)

### **SEGUNDA. Participantes**

Pode participar toda persoa que veña disfrazada, dende a rapazada ata adultos, individual ou grupal, xa que se farán dúas modalidades de concurso.

### **TERCEIRA. Inscricións.**

As persoas participantes deberán cubrir unha ficha de inscrición; para a modalidade colectiva será antes do día 7 de febreiro no Departamento de Cultura do Concello de Carnota; para a modalidade individual pode ser tamén na mesma praza, ese día, entre as 16.00h e as 16.30h

Nesta ficha incluíranse os datos de todos os participantes, modalidade e nº de compoñentes, título do disfraz, teléfono / email de contacto e permiso de uso de imaxe. A inscrición valerá que sexa asinada por unha persoa adulta que represente ao grupo ou á/ao menor.

### **CUARTA. Modalidades**

MODALIDADE INDIVIDUAL: Toda persoa, de calquer idade, que veña disfrazada poderá participar no desfile pola praza (se non chove) para lucir as súas vestimentas. Ao rematar o desfile, poderán botar unha regueifa ou unhas coplas, así como cantar, bailar ou o que se lles antolle para facer a entroidada completa.

MODALIDADE GRUPAL: Ao remate do individual, dará comezo o desfile grupal onde cada grupo mostrará os seus traxes e desfilará con maior ou menor graza, pero lucindo os seus entroidos. Ao rematar o desfile, poderán botar unha regueifa ou unhas coplas, así como cantar, bailar ou o que se lles antolle para facer a entroidada completa.

Acto seguido terá lugar a FESTA HOLI.



## CONCELLO DE CARNOTA

Praza San Gregorio, 19  
15293 CARNOTA (A Coruña)  
C.I.F.: P-1502000-A  
Tel.: 981 857032  
Fax: 981 857251

## CONCURSO DE ENTROIDO 2024

### QUINTA. Premios (600 €)

Todos os premios son en forma de cheques para gastar/invertir en calquer negocio establecido no Concello de Carnota.

Os premios están patrocinados pola Asociación de Veciños "Pedras da Area"

	<b>M. INDIVIDUAL</b>	<b>M. COLECTIVA</b>
<b>1º</b>	70 €	200 €
<b>2º</b>	50 €	150 €
<b>3º</b>	30 €	100 €

### SEXTA. Xurado e cualificacións.

A cualificación dos disfraces será determinada polo xurado do concurso, que estará composto por 3 membros (membros da asociación Pedras da Area). Para a concesión dos premios, o xurado valorará a orixinalidade, o contido, a posta en escea e o vestiario do disfraz, e adoptará a súa decisión por maioría. Poderá declarar sen adxudicar un ou varios premios se así o considera. A decisión do xurado será inapelable.

A participación no concurso supón a aceptación das bases na súa totalidade.



**CONCELLO DE CARNOTA**

Praza San Gregorio, 19  
15293 CARNOTA (A Coruña)  
C.I.F.: P-1502000-A  
Tel.: 981 857032  
Fax: 981 857251

**CONCURSO DE ENTROIDO 2024**

**FICHA DE PARTICIPACIÓN**

**CONCURSO DE ENTROIDO 2024**

DISFRACE:.....

MODALIDADE NA QUE CONCURSA: .....

Nº PARTICIPANTE/S:.....

**AUTORIZACIÓN PARA PARTICIPAR NO CONCURSO DE ENTROIDO -  
CONCELLO DE CARNOTA (REPRESENTANTE)**

.....

(nome e apelidos), con DNI núm. ....,

como representante/ pai/nai/titor-a legal

de .....

(nome e apelidos do/a menor ou do grupo), que participa no Concurso de Entroido.

**AUTORIZO**

A participación da/das persoa/as menor/es e maior/es de idade no Concurso de Entroido 2024, logo de que se me explicase o dinámica do concurso e con coñecemento das súas bases.

Autorizo a publicación, por parte do Concello de Carnota, do/s vídeo/s ou fotografías en que participe o/a referido/a disfrace a través da páxina web municipal, dos perfís que posúe o Concello en diferentes redes sociais e outros medios de difusión, sen outro fin que os propios do concurso no que participa.

Carnota, ..... de ..... de 2024

Sinatura